

## Indicacións para a posta en escena (exercicio PAU)

### IMPORTANTE, PARA TERDES EN CONTA:

1. Os títulos, escritos á man, van subliñados.
2. Non digades XENERALIDADES, tendes que concretar e aplicar á obra (e ao fragmento), xustificando todas as escollas. Se non o facedes, a resposta é inadecuada e, polo tanto, sería un 0.
3. Se inventades un nome para a compañía teatral, **non poñades o nome do IES. E NUNCA asinedes co voso nome, pois ANULARÍASE o exame. NON podedes escribir nada que vos poida identificar.**

### Presentación ao concelleiro/a de cultura

Dona Míriam Louzao Fernández

Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica do Concello de Santiago

Estimada señora:

Estimada señora Concelleira:

➔ Vigo, 12 de Novembro de 2024

Estimado Sr. Fran Núñez: Pola presenza fágolle chegar á proposta de realización dunha representación escénica, da autoría de Chéjov, a obra seleccionada para esta suposta representación sería "La Gaviota". A continuación, inserto o plantexamento da realización de esta obra no Teatro Principal de Galicia:

Corrección:

Vigo, 12 de novembro de 2024

Fran Núñez é o director do CDG, non o concelleiro de Cultura

-presente fágolle chegar a

-punto e seguido despois de Chéjov

-quita "suposta": A obra seleccionada para esta representación sería *La gaviota*, un dos referentes do teatro universal. Por suposto, sería un gran pracer poder estrea-la no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

-A continuación, achego o deseño da realización desta

-Nalgún momento hai que falar da importancia desta obra no teatro universal (supoño que o farás no seguinte punto do exercicio).

→ Prezado/a conselleira quero facerlle un propósito que trata de representar unha obra do século XIX chamada "La Gaviota" de Antón Chekhov, a continuación presentareiche as súas características e ideas para representala.

...

Corrección:

-quero presentarlle a proposta de escenificar unha das obras máis importantes do século XIX, e do teatro universal, titulada *La gaviota*, do grande autor ruso a. Chekhov.  
-A continuación, presentamos unha breve achega sobre o deseño deste espectáculo.

→ Vigo, 9 de novembro de 2024

Prezada Sra. concelleira de cultura Míriam Louzao Fernández do Concello de Santiago de Compostela:

Pola presente, fágolle chegar o noso interese como compañía teatral de levar á escena no Teatro Principal de Santiago a obra de *A Gaviota*, de Antón Chéjov. Co motivo do certame de obras teatrais do século XIX que se organiza para o verán de 2025. Considere importante esta proposta, pois a obra marca un punto de inflexión na dramaturxia, sendo unha das pezas máis representadas ata o momento do século XIX.

Agradecemoslle a súa atención.

Saúdos cordiais,

A Compañía de teatro

Corrección:

Podemos imaxinar un nome para a nosa compañía. Esta pode ser como a carta de presentación e engadir/anexar o deseño do proxecto

→ Estimado concelleiro.

Dirixímonos a vostede para ofrecerlle unha representación da nosa adaptación de A gaivota, de Antón Chéjov. Sería unha honra compartir con vostede esta obra e explorar oportunidades de colaboración cultural na nosa comunidade.

Atentamente,

Corrección:

-Importancia da obra

-Quen sodes?

-Por que queres colaborar con eles?

→ 9 de Novembro de 2024

Prezada Sra. Concelleira de cultura:

Escribolle esta carta para exporlle toda a información relativa á representación de La Gaviota, de Chéjov, no Teatro Principal de Santiago, incluíndo unha breve contextualización do autor e a súa obra seguida pola posta en escena e posible recepción da mesma.

Corrección:

-Escribolle

-Explica por que queres representala aí.

-" e a súa posible recepción" – Quitar este punto.

→ Estimado/a Sra/Sr conselleiro/a da cultura María

Pola presente fagolle checar o proxecto que nos gustaría representar, tras a

apertura dos Certame dos Teatro Principal de Santiago de Compostela dos s. XIX, que cumpre 75 anos, para a obra de A Gaviota.

Corrección:

-Destinatario incoherente

-fágolle chegar

- “tras a apertura dos Certame dos Teatro Principal de Santiago de Compostela dos s. XIX, que cumpre 75 anos, para a obra de A Gaviota” – mellorar a coherencia e cohesión

### **1. Contextualización histórica e literaria.**

-Cambios sociais: Revolución Industrial, Revolución Francesa...

-Idade Contemporánea: teatro do s. XIX

-Realismo/naturalismo e simbolismo; tamén se pode mencionar o Romanticismo

-Destacar a importancia de Chekhov dentro do teatro universal (influencia en dramaturgos posteriores como Tennessee Williams), obras e como é un dos dramaturgos máis representados nos palcos.

-Mencionar coetáneos. Ibsen, Strinberg, Oscar Wilde...

-Facer referencia a Konstantín Stanislavski e ao innovador Teatro de Arte de Moscova.

-Nalgún momento hai que falar da importancia desta obra no teatro universal (supoño que o farás no seguinte punto do exercicio).

### **2.Contextualización do fragmento dentro da obra**

-Resumo

-*La gaviota*, subtitulada *Comedia en cuatro actos*

-Estrutura formal, dividida en catro actos, nos tres primeiros actos apenas pasan días/meses, mais do terceiro ao cuarto hai un abrupto salto temporal: dous anos. Onde se sitúa o fragmento?

-Contextualizar co que sucede antes e despois do fragmento: onde se sitúa este fragmento na obra? En que espazo escénico ten lugar? Que personaxes interveñen? Por que están aí?

-Caracterizar os personaxes no fragmento e en consonancia coa obra (se non se fai aquí, é preciso caracterizalos na posta en escena).

### **3. Posta en escena (TENDES QUE XUSTIFICAR AS ESCOLLAS E CONCRETAR. NON PODEDES RESPONDER CON XENERALIDADES QUE PODEN REFERIRSE A CALQUERA OBRA)**

-Escenografía-espazo escénico-atrezo-vestimenta-maquillaxe-peiteado

- Descrición e análise do espazo escénico (escenografía e atrezo): onde se desenvolve a escena? Por que? Como é? Onde se sitúa no escenario, personaxes e atrezo? (descrición **exacta** da posición, sempre desde a posición do público). Tendes que ser o máis concreto posible e xustificar as escollas. Como é a vestimenta? Do século XIX, pero que levan? Vestido, pantalón, chapeu, blusa de encaixe, lentes...? Que cores levan (diferenza de cores coa caracterización dos personaxes). Maquillaxe, peiteado?

-Iluminación, son, música

- Descrición e explicar como inflúe no espazo escénico e na interpretación.
- Evitar: \*"Para as luces..." > A iluminación da escena...; Canto á iluminación...

-Dirección de actores/actrices

- Caracterizar os personaxes no fragmento e en consonancia coa obra: quen son? como son, que actitude teñen, nese fragmento pero tamén relacionado co resto da obra?, por que actúan así? evolucionan ao longo da obra?, como se desprazan no escenario?, como se relacionan co

resto dos personaxes? Tendes que ser o máis concreto posible e xustificar as actitudes, diálogos e desprazamentos.

#### 4. Recepción do espectáculo e o seu público potencial. (Xustificar a resposta usando a seguinte terminoloxía e adaptándoa á obra que se pregunta.)

Existen distintos **tipos de público** determinados por factores como a idade, o lugar de orixe, a formación académica, as experiencias previas, a clase social e económica, a ideoloxía política, a inclinación artística e cultural...

A **idade** do público é determinante. Pode ser de tres tipos: *infantil*, no que prima a imaxinación e a aventura; *xuvenil*, que prefire unha acción intensa e rápida e que se utilice unha linguaxe escénica directa e achegada; *adulto*, reflexivo e paciente, dálle máis importancia ao contido ca á forma e gusta de obras que esperten emocións complexas e pensamentos profundos. É máis difícil de sorprender.

A **frecuencia** coa que asiste ao espectáculo ten que ver cos costumes e hábitos. Temos dous grupos: *asiduo*, é un público experimentado que valora a orixinalidade ou convencionalismo da obra. Non lle vale "calquera cousa", pois reconece e valora as propostas escénicas de alta calidade; *ocasional*, afastado da linguaxe propia da escena, "pérdese" ás veces á hora de darlle un significado á representación. Valora todo o que o emocione e a súa capacidade de sorpresa e receptividade son maiores.

A **intención previa** de presenciar (ou non) un espectáculo. Temos dous tipos de público: *deliberado* ou *intencional*, acostuma estar predisposto e motivado, mais o espectáculo debe cubrir as expectativas ou sairá decepcionado; *casual*, que atopa o espectáculo de xeito accidental, na rúa, e decide presencialo. A maior dificultade é superar a resistencia inicial, polo que hai que esforzarse por chamar a súa atención. Pode distraerse con facilidade e marchar, mais os que fican fano con interese e curiosidade. É un público agradecido por pasar un bo momento sen esperalo.

O **nivel cultural**. Temos dous tipos: *culto*, que prefire obras complexas, con linguaxe poética elaborada. É un público minoritario e moi activo; *popular*, máis numeroso, prefire espectáculos cos que se poida identificar facilmente, cunha linguaxe escénica coloquial e directa. É máis espontáneo e libre de prexuízos, pois valora o espectáculo segundo o seu instinto.

#### 5. Conclusión

Conectores: En conclusión, Para concluír/concluirmos...

-Como se lle presenta este proxecto a un concelleiro/a, hai que retomar, e pechar, este fío argumental.

-Pode facerse referencia á importancia de representar esta obra no Teatro Principal

-Universalidade e actualidade dos temas que trata, aínda despois de 128 anos da súa estrea: frustración, a perda do idealismo e da inocencia, a loita entre o tradicional e o innovador, a insatisfacción permanente...

Exemplo: En definitiva, e pese ao paso dos anos, *La gaviota* segue a ser unha das obras máis importantes do teatro universal, grazas á súa capacidade de conectar co público, a través dos conflitos internos que escenifican os personaxes no palco. Por este motivo, faríanos moi felices ter a posibilidade de poder estrea-la no Teatro Principal e poder brindar un momento de gran teatro ao público que acuda a vela.

Atentamente,

Director/a teatral

Comunicación e distribución da compañía\_\_\_\_\_

Exemplo:

En conclusión, Sra. Concelleira, *La gaviota*, do dramaturgo ruso A. Chekhov, non é só unha importantísima obra do teatro universal, senón tamén unha profunda reflexión sobre a condición humana. A través dos seus personaxes, chekhov explora temas atemporais, como o desexo da liberdade artística, os conflitos interxeracionais ou o amor non correspondido, que fan deste texto teatral unha obra que trascende o seu tempo e se converte nun espello en que o público actual pode recoñecer as súas propias loitas internas e as contradicións da sociedade actual. Por outra parte, representar esta magnífica peza nun espazo escénico tan emblemático como o Teatro Principal, acorde coa calidade da obra, engade aínda máis motivación para desenvolver a montaxe do espectáculo, ao enriquecer a oferta cultural da capital galega.

## REDACCIÓN: Ortografía e expresión escrita (terminoloxía e utilización de conectores textuais)

### CONECTORES TEXTUAIS MÁIS COMÚNS DA LINGUA GALEGA

Axudaranvos a enfiar as vosas conversas ou os vosos textos argumentativos

TIPOS	CONCEPTO	EXEMPLOS
Temporais	Relación no tempo	entón, aínda, antes de, despois de, sempre que, desde que...
Espaciais	Relación no espazo	preto de, lonxe de, arredor de, cara a, á esquerda, á dereita...
Consecutivos	Consecuencia	polo tanto, daquela, xa que logo, por iso, por conseguinte...
Causais	Causa, razón ou motivo	porque, pois, xa que, dado que, por culpa de, de aí que...
Aditivos	Suma de novas ideas	e, ademais, tamén, igualmente, do mesmo xeito...
Opositivos	Contraste entre enunciados	pero, mais, porén, aínda así...
Exemplificadores	Para pór exemplos	por exemplo, verbigratia, particularmente...
Explicativos	Explicación ou matización dunha idea	é dicir, isto é, ou sexa, mellor dito, noutras palabras...
Tematizadores	Introducen un tema	en canto a, no tocante a, polo que se refire a...
Ordinais	Orde (comezo, continuación ou remate)	en primeiro lugar, antes de nada...; en segundo lugar, deseguido...; en último lugar, para rematar...
Conclusivos	Síntese, conclusión ou recapitulación	en síntese, en resumo, en suma, a finde contas...